

## CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

*Orde do 21 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para empresas privadas e entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de conservación, protección e difusión do Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

O relevante papel que o Camiño de Santiago veu desenvolvendo desde a súa orixe ata os nosos días como elemento de integración de pobos, ideas e culturas, acentuado aínda máis, se cabe, no novo espazo común europeo, foi obxecto do unánime recoñecemento do Consello de Europa, a Unión Europea e a Unesco, sendo, ademais, designado como grande itinerario cultural europeo.

Xunto coa súa configuración como realidade social común, xorde tamén como eixe vertebrador dun patrimonio cultural propio dotado dunha notable singularidade.

Na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo nos últimos anos un intenso labor en prol de conservar, promover e difundir ese importante legado cultural. Entendemos que cómpre continuar prestando apoio ás diversas iniciativas que favorezan a conservación e proxección dos valores históricos, culturais e de integración do Camiño de Santiago.

Con esta declarada finalidade, a Xunta de Galicia, a través das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural polo Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, considera de interese a concesión de axudas ás empresas e entidades non lucrativas que realicen actividades que repercutan na mellor conservación, protección e difusión dos diversos camiños de Santiago en Galicia.

Para tal fin,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto, réxime das subvencións e normativa aplicable.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión das subvencións a empresas privadas e entidades sen ánimo de lucro que leven a cabo actividades de conservación, protección e difusión das rutas do Camiño de Santiago oficialmente recoñecidas no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

3. A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto nesta orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que

se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na vixente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e na demais normativa de aplicación.

### Artigo 2º.-*Concepto de Camiño de Santiago.*

Enténdense como Camiño de Santiago todas as rutas históricas recoñecidas documentalmente, recollidas no artigo 1 da Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.

A ruta principal é o Camiño Francés, ben de interese cultural coa categoría de territorio histórico, segundo a delimitación recollida na Resolución do 12 de decembro de 1992 (DOG nº 246, do 18 de decembro).

As outras rutas enuméranse a seguir, cos datos dos acordos que definen os trazados sometidos a información pública pola Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, que son os que se terán en conta para os efectos desta orde:

-Camiño Portugués, Acordo do 16 de decembro de 1997 (DOG nº 3, do 7 de xaneiro).

-Ruta da Prata, Acordo do 13 de xaneiro de 1998 (DOG nº 15, do 23 de xaneiro).

-Camiño do Norte, que incorpora o camiño norte da costa e o camiño do interior, coñecido como Camiño Primitivo, Acordo do 12 de novembro de 1997 (DOG nº 230, do 27 de novembro).

-Camiño de Fisterra, Acordo do 3 de decembro de 1997 (DOG nº 26, do 9 de febreiro de 1998)

-Camiño Inglés, Acordo de 10 de decembro de 1997 (DOG nº 3, do 7 de xaneiro)

-Ruta do mar de Arousa e Ulla, Acordo do 19 de febreiro de 1998 (DOG nº 44, do 5 de marzo).

### Artigo 3º.-*Actuacións subvencionables.*

1. Con carácter xeral serán obxecto de subvención as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de outubro de 2010, que, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionable.

2. En concreto, quedan comprendidas no ámbito desta orde as seguintes:

2.1. Actuacións para a conservación, protección, reparación e ornato do patrimonio inmovible, que teñan a consideración de menores (artigo 195.3º Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia), se executen dentro do territorio histórico do Camiño de Santiago e teñan un impacto visual directo sobre el, tales como:

-Colocación de barreiras vexetais con especies autóctonas para minimizar o impacto de edificacións

discordantes que menoscabe a apreciación do camiño no seu contorno.

-Reparacións de peches tradicionais vinculados aos camiños.

-Intervencións en fachadas, cubertas e elementos accesorios nos contornos de edificios.

-Acondicionamento de terrazas de establecementos de hostalaría e outros espazos exteriores.

-Colocación e/ou retirada de paneis informativos e outros sinais.

Todas as actividades obxecto desta axuda deberán axustarse aos principios e criterios xerais establecidos na Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago, no artigo 39 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, e no artigo 104 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e aos criterios específicos que figuran como anexo II desta orde.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá establecer condicións pormenorizadas para cada actuación, que serán recollidos, se for o caso, na correspondente resolución de autorización, previa á licenza ou na licenza mesma.

2.2. Actividades de divulgación, promoción, formación e sensibilización social sobre os elementos patrimoniais e valores culturais asociados ao Camiño de Santiago tales como campañas publicitarias, xornadas, seminarios, cursos ou material divulgativo, referidas ás rutas do Camiño de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para este tipo de investimentos, con carácter xeral, terán a consideración de auxiliabes os seguintes investimentos:

-Os gastos de axencias publicitarias e outras empresas de organización de eventos e prestación de servizos implicados na preparación e realización de accións de promoción.

-A publicación de materiais en formato dixital ou en papel.

-Os gastos de persoal externo, de locais e de vehículos necesarios para as accións de promoción, formación ou divulgación.

3. En ningún caso se considerarán dentro do investimento subvencionable os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda, así como os gastos relativos a licenzas, permisos e taxas administrativas.

4. Tampouco se subvencionarán os gastos de funcionamento do solicitante, como persoal, vehículos, material e outros gastos correntes.

#### Artigo 4º.-Axudas.

1. As actuacións dos beneficiarios poderán acadar un máximo de axuda de ata o 70% do orzamento do investimento subvencionable, coa cantidade máxima

de tres mil euros (3.000 €) por beneficiario e por unha soa vez.

2. Será compatible a percepción doutras axudas sempre que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### Artigo 5º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios da subvención, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas bases:

-As empresas privadas e os profesionais que estean dados de alta no imposto de actividades económicas, e leven a cabo actividades subvencionables segundo o previsto no artigo 3 desta orde.

-As institucións sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

2. Os requisitos para ser beneficiario deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Quedan excluídos da condición de beneficiarios aqueles en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que figura como anexo I desta orde, que estarán á disposición dos interesados no rexistro xeral da Xunta de Galicia, na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, nos departamentos territoriais de Cultura e Turismo e na páxina web da consellería: <http://culturaeturismo.xunta.es/oficina>, na epígrafe de trámites e axudas, para a súa formalización.

2. A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Copia do DNI e NIF do solicitante ou documento equivalente no caso de solicitantes estranxeiros, ou do CIF no caso de comunidades de bens e persoas xurídicas, así como, se for o caso, documentación acreditativa do poder de representación para asinar a solicitude. De conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, o solicitante poderá autorizar a consellería para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.

b) Breve memoria das actividades desenvolvidas polo solicitante nos últimos 5 anos en relación co Camiño de Santiago.

c) Unha memoria-proposta do proxecto para o cal se solicita a subvención que conteña, en todo caso, unha descrición dos obxectivos que se pretenden acadar, a xustificación da proposta, a definición

detallada das actuacións previstas, a repercusión prevista cara á conservación, protección e difusión do Camiño de Santiago e a ruta concreta afectada e o orzamento desagregado. Para o caso das actuacións consistentes en obras ou instalacións menores, deberá presentarse documentación gráfica suficiente para valorar o estado actual do ben (e contorno) sobre o cal se pretende actuar e un plano de situación en que se aprecie a distancia sobre o trazado do Camiño.

d) Copia compulsada da documentación acreditativa do título de propiedade ou dos dereitos reais e do consentimento do propietario, se é o caso, respecto do ben obxecto da intervención para a cal se solicita a axuda.

e) Declaración xurada de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas entidades públicas e privadas, con indicación das contías e de non estar incurso en supostos de prohibicións para obter a condición de beneficiarios de subvencións, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado e fronte á Seguridade Social e de non ter débedas coa Xunta de Galicia (segundo o modelo que figura como anexo III).

No suposto de que, en calquera momento posterior á presentación da instancia, soliciten os interesados outras axudas, será obrigatorio poñelo en coñecemento do órgano instrutor do procedemento, dando conta da axuda solicitada, contía e administración ou ente público ou privado a que se dirixe.

f) Se for o caso, fotocopia de alta no IAE e do último recibo que acredita estar ao día do pagamento ou, se é o caso, a documentación acreditativa de exención do imposto; no caso de solicitantes estranxeiros, documento equivalente.

g) Certificación bancaria orixinal da titularidade da conta en que o solicitante pretende que se lle aboe a axuda.

h) Licenza municipal, se for o caso, que posibilite a execución do investimento para o cal se solicita subvención. De carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, bastará a presentación dun informe do técnico municipal sobre a viabilidade urbanística da actuación prevista.

i) Os proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro deberán acompañar tamén o número de inscrición no Rexistro de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago.

*Artigo 7º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación, presentaranse preferentemente no rexistro central da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela ou nas oficinas de correos para a súa remisión por correo certificado ao órgano competente para resolver, aínda que é válida a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 31 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no DOG. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

*Artigo 8º.-Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, así como dos requisitos e obrigas que nelas se fixan. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI do interesado e a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, facéndoo constar no formulario de solicitude, debendo presentar entón o DNI e as certificacións a que fai referencia este punto.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Cultura e Turismo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Cultura e Turismo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura e Turismo. Edificios administrativos San Caetano, 15781 Santiago de Compostela.

#### Artigo 9º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. O importe total do crédito destinado para esta convocatoria de subvencións é de douscentos noventa e cinco mil euros (295.000 €) e farase con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.03.433A.781.2 e 11.03.433A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

2. En principio, dese importe total, cento noventa e cinco mil euros (195.000 €) serán destinados a entidades sen ánimo de lucro e os cen mil euros restantes (100.000 €) a empresas privadas. No entanto, poderá ampliarse o crédito dispoñible para as empresas á custa de diminuír o previsto para as entidades sen ánimo de lucro se, unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes e avaliadas todas as recibidas pola comisión de valoración, esta conclúe que hai proxectos presentados por empresas con maior puntuación que outras actividades e que quedarían sen atender. Nese suposto, por proposta da devandita comisión, o director xeral de Patrimonio Cultural poderá tramitar o correspondente expediente de modificación orzamentaria para acadar unha redistribución dos importes entre as aplicacións arriba citadas.

3. Os remanentes do crédito que resulten, se non realizaren a totalidade das actividades subvencionadas, destinaranse a outras actividades que o conselleiro de Cultura e Turismo considere axeitadas para a conservación, protección e difusión dos camiños de Santiago.

#### Artigo 10º.-*Órganos competentes.*

O órgano instructor do procedemento de concesión da subvención será o servizo competente para a protección e fomento dos camiños de Santiago e corresponderá ao conselleiro de Cultura e Turismo ditar a resolución de concesión.

#### Artigo 11º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reunir

algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se constar que o solicitante non se encontra ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Sen prexuízo do anterior, poderáselle requirir ao solicitante que proporcione cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Cultura e Turismo, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG. Se a instrución do procedemento o aconsellar, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez revisadas estas e efectuadas as emendas exixidas aos solicitantes, o persoal do servizo competente para instruír o procedemento elaborará unha listaxe de todas as solicitudes presentadas e remitirá aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos á comisión encargada da súa valoración.

Os restantes expedientes quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

#### Artigo 12º.-*Comisión de avaliación.*

1. A comisión de avaliación será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes e establecer a prelación entre elas, de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A comisión estará integrada por un/unha presidente/a, tres vogais e unha persoa que exerza de secretario ou secretaria.

Presidirá a comisión o titular da subdirección competente na protección e fomento dos camiños de Santiago e actuará como secretario o xefe de servizo a que corresponda esa función. Os vogais serán designados polo director xeral de Patrimonio Cultu-

ral, por proposta da presidenta da comisión, entre o persoal funcionario da dirección xeral.

*Artigo 13º.-Criterios de valoración.*

As solicitudes presentadas obterán unha puntuación resultante da aplicación dos seguintes criterios de valoración:

a) Calidade da proposta (valoración da calidade técnica, humana e económica: materiais e deseño dos produtos finais, análise do proceso e calendario de execución, profesionais implicados, prezo, análise custo- beneficio): ata 30 puntos.

b) Contribución á protección e difusión dos valores asociados ao Camiño de Santiago, en relación ao estado inicial de partida: ata 20 puntos.

c) Interese patrimonial dos bens directamente afectados pola actuación (en función das categorías de protección: bens de interese cultural, catalogados, inventariados e o resto): ata 20 puntos.

d) Traxectoria dos solicitantes en relación ás actividades que promovesen durante os últimos cinco anos para contribuír as finalidades da convocatoria: ata 15 puntos.

e) Repercusión social da actuación (potenciais beneficiarios directos a medio prazo): ata 15 puntos.

A Comisión de Avaliación, na súa primeira reunión, concretará para cada modalidade de actuación -artigo 3º, puntos 2.1 e 2.2- os criterios aplicables para valorar a calidade técnica do proxecto para o que se solicita axuda.

*Artigo 14º.-Audiencia previa aos interesados solicitantes.*

Efectuada a avaliación, a comisión fará un informe en que se concretará o seu resultado, á vista do cal o órgano instructor elaborará unha proposta de resolución provisoria debidamente motivada, que deberá ser notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións de acordo co establecido no artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 15º.-Resolución e notificación.*

1. Examinadas as alegacións, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva e elevaraa ao conselleiro de Cultura e Turismo.

2. O conselleiro, á vista da proposta de resolución, ditará, no prazo de 15 días desde a súa elevación a correspondente resolución de concesión ou denegación, que deberá estar debidamente motivada e na cal, en todo caso, quedarán debidamente xustificadas todos os aspectos indicados no artigo 34.4º do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, os interesados poderán entender

desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderase comunicar aos beneficiarios que consulten información detallada da resolución no taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG.

*Artigo 16º.-Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

*Artigo 17º.-Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Cultura e Turismo, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 14º destas bases.

*Artigo 18º.-Aceptación e renuncia.*

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios deberán confirmar a súa aceptación da subvención no prazo de 10 días hábiles desde a recepción da notificación da concesión da subvención, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, e comprometerse a executar o proxecto ou actividade subvencionada no prazo establecido e nas condicións fixadas na resolución.

Transcorrido o anterior prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º, parágrafo final da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV ou por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

*Artigo 19º.-Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios quedarán suxeitos ás seguintes obrigas:

a) Executar e xustificar as actuacións subvencionadas con estrita conformidade con estas bases e coa resolución de concesión. No caso de non executar o 100% do orzamento autorizado, que é o que serve como base para o cálculo da axuda, a contía da axuda minorarase proporcionalmente ao efectivamente xustificando.

b) Facer constar que se trata de actividades subvencionadas pola Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. No caso de actividades que comporten difusión escrita, deberá ir en lugar e tamaño destacado o correspondente logotipo da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, segundo o manual da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

c) Se as actividades subvencionadas consisten na edición de publicacións ou material audiovisual, entregar unha porcentaxe da obra (que será fixada mediante acordo da comisión de valoración segundo a importancia da subvención concedida) á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa difusión e divulgación gratuíta.

d) Obter as preceptivas licenzas, autorizacións e permisos para a realización da actividade ou obra obxecto da axuda.

e) Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

f) Comunicar ao órgano instrutor a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

g) Acreditar, no caso das empresas, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dean como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

h) Permitir á Consellería de Cultura e Turismo o acceso á obra no exercicio do seu labor de inspección relacionada coa conservación do patrimonio cultural.

i) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e xuros de demora correspondentes.

*Artigo 20º.-Subcontratación.*

Queda excluída a subcontratación das actividades subvencionadas ao abeiro desta convocatoria; non obstante, en aplicación do disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se inclúe nesta prohibición a contratación daqueles gastos en que o beneficiario teña que incurrir para a realización da actividade subvencionada.

*Artigo 21º.-Documentación xustificativa do pagamento.*

1. Unha vez concedida e aceptada a axuda, a subvención farase efectiva sempre que, con data do 31 de outubro do ano 2010, se teña rematado a actividade especificada na solicitude e debidamente xustificada. En concreto, o seu pagamento quedará condicionado a que os beneficiarios presenten a documentación que a seguir se relaciona:

a) Informe asinado polo beneficiario de terse completado o obxecto da subvención xunto con fotografías e demais material que dea testemuño suficiente do seu cumprimento.

b) Facturas orixinais ou copias cotexadas que deberán especificar os seguintes datos:

-Data de expedición da factura.

-Datos identificativos do provedor (nome e apelidos, denominación ou razón social, NIF/CIF e domicilio).

-Datos do destinatario do ben e/ou servizo, que deberá coincidir co beneficiario da axuda.

-Descrición das operacións que se documentan e prezos unitarios desagregados. De ser o caso, data en que se teña recibido un pagamento anticipado, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.

-IVE: tipo impositivo aplicado e cota tributaria resultante, debendo, de ser o caso, especificar por separado as partes da base imponible que estean exentas ou non suxeitas, ou aquelas suxeitas a distintos tipos impositivos.

-Sinatura do provedor, con pé de firma, e selo se for o caso.

c) Xustificación do pagamento da factura mediante extractos ou certificacións bancarias, salvo que o importe das facturas sexa inferior a 1.000 €, suposto en que poderá acreditarse o pagamento mediante un recibo do provedor.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

d) Certificación bancaria actualizada orixinal e acreditativa de que a conta sinalada para o pagamento está a nome do beneficiario.

e) No caso das empresas, certificacións actualizadas do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social, e de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, salvo que o beneficiario presentase coa solicitude a autorización expresa para que esa información sexa solicitada polo órgano xestor.

f) Declaración xurada actualizada do beneficiario do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, contías recibidas.

g) A licenza, se for o caso, que posibilite a execución do investimento para o que se solicita subvención.

2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións ou prórrogas autorizadas. Se o investimento xustificado for menor, e sempre mantendo os fins para os que se concedeu a subvención, esta reducirase proporcionalmente ao investimento xustificado.

3. A xustificación para a percepción da axuda deberá presentarse antes do día 10 de novembro de 2010.

No caso de atraso por causas non imputables aos beneficiarios e debidamente xustificadas, ou nos cales a xustificación sexa incorrecta ou incompleta, a Consellería de Cultura e Turismo poderá outorgar nos termos establecidos no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha ampliación do prazo para a presentación da xustificación, sempre que este prazo permita a verificación do cumprimento dos requisitos fixados nas bases reguladoras dentro do exercicio orzamentario de 2010.

#### Artigo 22º.-Perda da subvención.

Procederase ao reintegro total ou parcial e á existencia dos xuros de demora nos seguintes supostos:

a) Incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados nesta orde.

b) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

c) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedirían.

d) Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, ou do proxecto, ou non adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

e) Obtención de subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de modo tal que exceda o custo da actividade desenvolvida.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera administración ou ente público ou privado.

Procederase de igual xeito nos demais supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2010.

P.D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo  
Secretario xeral da Consellería de Cultura  
e Turismo



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA  
 E TURISMO

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS PARA EMPRESAS PRIVADAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE REALICEN ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E DIFUSIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>CT228A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

SOLICITANTE (no caso de empresario individual, indicar nome e apelidos)		CIF/NIF/NIE	
ENDEREZO		EPIGRAFE IAE	
PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL NOTIFICACIÓNS	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**E, na súa representación legal:**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE

**DATOS DA SOLICITUDE DA AXUDA**

PROXECTO RESPECTO DO QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN		
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO E IMPORTE TOTAL DO PROXECTO		AXUDA SOLICITADA EN EUROS

**LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO**

ENDEREZO	TIPO DE ESTABLECEMENTO	CATEGORÍA	NOME COMERCIAL
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO E IMPORTE TOTAL DO PROXECTO			AXUDA SOLICITADA EN EUROS
<b>CUSTO DO INVESTIMENTO</b>		<b>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</b>	
EXECUCIÓN MATERIAL		RECURSOS PROPIOS	
EQUIPAMENTO		PRÉSTAMOS	
IMPORTE NETO		PRÉSTAMOS PEMES	
IMPUESTOS E TAXAS		OUTRAS SUBVENCIÓNS	
TOTAL		TOTAL	

**Autorizo a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para:**

1º) Consultar os meus datos persoais nos sistemas de verificación de datos de identidade, os meus datos fiscais, de Seguridade Social e demais documentación obrante en poder da Administración que resulte precisa para resolver a presente solicitude. Isto conforme o artigo 8 das bases reguladoras da convocatoria de axudas que enmarcan esta solicitude (artigo 2.2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos).

SI     NON

2º) A incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas así como as sancións impostas, segundo o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, e de acordo coa Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas.

SI     NON



## DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- COPIA COTEXADA DO NIF/CIF (obrigatorio en caso de non autorizar a Administración a consultar os seus datos).
- PODER DE REPRESENTACIÓN DO APODERADO ASINANTE DESTA SOLICITUDE QUE O HABILITA PARA ACTUAR EN NOME DO BENEFICIARIO.
- COPIA COMPULSADA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO TÍTULO DE PROPIEDAD OU DOS DEREITOS REAIS E DO CONSENTIMENTO DO PROPIETARIO, SE É O CASO, RESPECTO DO BEN OBXECTO DA INTERVENCIÓN PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA.
- CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA AXENCIA TRIBUTARIA NA QUE SE INDIQUEN AS EPÍGRAFES DO IAE NAS QUE FIGURA DE ALTA O SOLICITANTE.
- DECLARACIÓN XURADA.
- PROXECTO OU MEMORIA DESCRITIVA, DA ACCIÓN A EMPRENDER, NA CAL CONSTA QUE O SOLICITADO ESTÁ COMPRENDIDO NALGUNHA DAS LIÑAS OBXECTO DE SUBVENCIÓN SINALADAS NO ARTIGO 3º.
- NÚMERO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO (para os proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro).
- MEMORIA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO SOLICITANTE NOS ÚLTIMOS 5 ANOS EN RELACIÓN CO CAMIÑO DE SANTIAGO.
- INFORME MUNICIPAL DE LEGALIDADE URBANÍSTICA DO PROXECTO.
- LICENZA URBANÍSTICA ou licenza de obra menor (de non achegar este documento coa solicitude inicial, en todo caso deberá achegarse antes de aboar a subvención).
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS PARA OS MESMOS PROXECTOS, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, TANTO AS APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA PARA O ABOAMENTO DA AXUDA.
- CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS COA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, COA SEGURIDADE SOCIAL, E COA CONSELLERÍA DE FACENDA (obrigatorio en caso de non autorizar a administración a consultar os seus datos).

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 21 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para empresas privadas e entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de conservación, protección e difusión do Camiño de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.*

*- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.*

*- Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da C. A. de Galicia para o 2010.*

*- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración galega.*

*E supletoriamente:*

*- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

(A cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

## ANEXO II

En relación con obras de conservación, mantemento, restauración e mellora de construcións tradicionais. A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabamento de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe en que se vaian levar a cabo.

## \*Intervencións na cuberta:

-Reparación do sistema estrutural de madeira da cuberta coas características construtivas preexistentes, mantendo volume e pendentes.

-Retellamento do material final de cubrición orixinal.

-Substitución de canles e baixantes por outros de zinc ou cobre en formas circulares.

-Revisión de volumes, pendentes e elementos engadidos nas cubertas. Eliminación de quebras nas cubertas.

-Reforma de beirís non acordes coa tipoloxía tradicional.

## \*Intervencións na fachada.

-Consolidación e reparación de muros de pedra empregando materiais, labras, aparellos e sistemas construtivos tradicionais e respectando a súa disposición tipolóxica e a recuperación do seu volume orixinal.

-Recebas, lucidos e pinturas. En construcións tradicionais optarase pola restitución das recebas de cal e pola escolla de tintas de base mineral en cores e tons existentes tradicionalmente no lugar.

-Carpinterías. Adecuación de ocos a tipoloxías tradicionais.

-Pinturas da carpintería. As carpinterías terán a cor que se empregase na construción orixinal ou, no caso de estar perdida, das carpinterías das construcións que haxa a carón dela.

-Varandas en balcóns, solainas. Empregando materiais, cores e formas propios de cada zona.

## \*Singularidades das construcións.

-Reparación de fornos, chemineas, pozos asociados ás construcións.

-Reparación de pináculos, bólas, pedras en cubertas.

\*Supresión de elementos descontextualizados, tales como toldos, corpos engadidos á construción tradicional que desvirtúen a súa tipoloxía.

\*Actuacións sobre construcións adxectivas á principal mantendo a tipoloxía construtiva (antigas palleiras, cortes...).

En relación con obras en novas construcións con usos ligados a aspectos da peregrinación coherentes con usos tradicionais e a usos agropecuarios ligados

ao territorio dos camiños de Santiago. A proposta das medidas correctoras en edificios de volume superior aos existentes tradicionalmente no núcleo rural deberá garantir a redución do impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

\*Intervencións de revisión e fragmentación de grandes volumes de naves mediante o engadido de novos volumes ou outros elementos para a súa integración.

\*Receba e pintura de materiais que deben revestirse.

En relación con obras de acondicionamento exterior e de adecuación ás características do ben cultural. As propostas deberán adaptarse á paisaxe natural, ás perspectivas desde o Camiño.

\*Reparación de muros de pedra tradicionais.

-A pedra terá dimensións e características semellantes ás existentes, analizando o tipo de pedra, lousas, granitos, pedras laxosas, a súa configuración cachotes, perpiaños..., así como os métodos construtivos empregados (normalmente pedras colocadas «a óso»), ou calquera outra característica singular ou que constituía «tipo» nesa zona.

\*Mobiliario exterior en edificios de hostalaría.

-Empregarase mobiliario sen publicidade.

-Indicarase que espazos se van empregar e a autorización municipal, no caso de ser espazo público.

-O mobiliario será axeitado en forma, cor e material ao contorno tradicional que se pretende protexer.

\*Sistemas de protección para o sol.

-En núcleos rurais e solos rústicos tenderase á colocación de sistemas de protección vexetais, parras, viñas... adecuándose á vexetación propia do lugar. Definirase axeitadamente a estrutura de apoio destes elementos protectores.

\*Axardinamento e acondicionamento exterior.

-Proporanse solucións de acondicionamento e axardinamento sinxelas, propoñendo a ordenación do espazo da parcela en coherencia coa paisaxe circundante.

-Para os axardinamentos valoraranse positivamente solucións mixtas como as combinacións con especies hortícolas, herbas aromáticas, especias...

\*Propostas de restitución paisaxística. Alí onde haxa actuacións que rompan coa harmonía do lugar faranse propostas de adecuación.

-Pantallas vexetais con especies axeitadas.

-Plantación de zonas con vexetación autóctona axeitada ao lugar para propoñer medidas correctoras de actuacións que sobrepasen volumes tradicionais.

\*Novos rótulos. Reforma de rótulos non axeitados.  
Sinais informativos.

-O rótulo de actividade que se propoña debe ser axeitado en canto dimensións, forma, materiais, cores e contido ao contorno dos bens patrimoniais que se deben protexer.

-En calquera caso, os sinais e carteis serán informativos dun tipo de servizos, neste caso hostaleiros (pensión), sen que caiba incluír no cartel nomes comerciais ou empresariais.

\*Soterramento de redes aéreas ou telefónicas con incidencia no contorno de protección de bens patrimoniais.

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN XURADA

D./Dª  co DNI/NIE nº   
 en calidade de  comparece como titular ou en representación de  
 co CIF/NIF nº

**DECLARA BAIXO XURAMENTO** (sinalar cun X o que proceda):

Que os datos citados son certos.

Que as obras/actividades para os que solicita a axuda son consecuencia:

- De obras de conservación reparación ou ornato del patrimonio inmueble situado no contorno dos camiños de Santiago.  
 De actividades de divulgación e difusión dos camiños de Santiago.  
 Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado.  
 Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias fronte á comunidade autónoma.  
 Non ter débedas fronte á Seguridade Social.  
 Non ter solicitado outras axudas para o obxecto da solicitude.  
 Ter solicitado para o mesmo proxecto axudas e subvencións dos organismos que se mencionan.

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPTE. (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indicar a orde de convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

(3) Indicar a situación actual da axuda: S (Solicitada). C (Concedida). P (Pagada)

Así mesmo, comprométese a comunicar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda (s) correspondente (s) a esta solicitude.

Igualmente declárase que o solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

, de de

Asdo.:

## ANEXO IV

## MODELO DE RENUNCIA

D./D<sup>a</sup>  con DNI/NIF nº   
actuando como titular ou en representación de   
que ten o seu domicilio en

**MANIFESTA**

Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_  
pola que se establecen as base reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva das subvencións para empresas privadas, e  
outras entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades de conservación, protección e difusión dos camiños de Santiago e se procede á súa  
convocatoria para o ano 2010, para o proxecto   
con clave de expediente  por unha contía de  euros.

**DECLARA**

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións  
públicas e do procedemento administrativo común.

, de de

Asdo.:

**CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR**

*Resolución do 18 de marzo de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia, relativo á prórroga do actual convenio.*

Visto o texto do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do

grupo Finsa en Galicia, que se subscribiu con data 14 de outubro de 2009, entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, relativo á prórroga por un ano de duración do actual convenio colectivo para as fábricas de taboleiro do grupo Finsa en Galicia, publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 15 de xaneiro de 2007, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.